



Proposta de accións ao redor de Valentín Paz Andrade

<http://coordinadoraendl.org/empresaengalego/>

PROPOÑEMOS

1. Aproveitar a figura de Valentín Paz Andrade e a súa vinculación co mundo da empresa e do comercio para dirixir unha campaña de normalización nestes ámbitos.
2. Fomentar a coordinación entre os equipos para que potencien o uso do idioma nun mesmo ámbito sectorial e con accións concretas e eficaces.

PRETÉNDESE

1. Lanzar a mensaxe de que o uso do galego vai moito máis alá do aspecto cultural e identitario, e que resulta eficaz como motor económico.
2. Animar os equipos dos centros para que a súa acción incida sobre a súa contorna.
3. Enfocar a acción normalizadora, na medida do posible, cara a empresas e marcas asociadas a sectores innovadores.
4. Concienciar o alumnado da necesidade de reclamaren, en canto consumidores/as, a presenza de produtos e ofertas comerciais en galego.
5. Animar os sectores comerciais e empresariais máis próximos á cidadanía a que usen o galego como sinal de proximidade ao cliente, e tamén como marca distintiva de calidade.
6. Concienciar os dirixentes das empresas de que a lingua constitúe un valor engadido na difusión e comercialización dos seus produtos.

COMO HABERÍA QUE FACELO?

A continuación, propoñemos unha serie de accións acompañadas do material necesario para levalas adiante. Cada equipo escolle, segundo as súas posibilidades e/ou recursos unha (ou varias) para desenvolverlas. As accións non teñen por que ser excluíntes (algunhas incluso se complementan) e están ordenadas de menos a máis “laboriosas”.

AS ACCIÓNS

Acción I: Enviar ás empresas mensaxes persuasorias para empregar o galego

Podedes imprimir o seguinte tríptico (<http://ir.gl/4e112d>) e facérllelo chegar ás empresas da contorna do centro. Se queredes podedes seleccionar parte da información ou elaborar outra que vos pareza máis axeitada e mais facer vós un documento (tríptico, díptico, folla voandeira...) que lles fagades chegar ás empresas dándolles razón para empregar o galego.

Acción II: Elaborar materiais para repartir entre as empresas da contorna (carteis, adhesivos, pousavasos...)

De modo xenérico, propoñemos o uso dun lema común:

“Fabricamos futuro, producimos galego”

Este lema, por suposto, pode cambiarse ou adaptarse ás necesidades específicas de cada equipo, segundo os seus intereses ou necesidades, pero sempre debería ofrecer un enfoque positivo e moderno, que abra portas e que non provoque rexeitamento social.

Ademais, podedes enviar mensaxes a ámbitos específicos. A seguir, ofrecemos algúns exemplos de lemas adaptados a sectores concretos:

- A LINGUA, PAN PARA A BOCA (panadarías)
- LINGUA CON GUSTO, ESPECIALIDADE DA CASA (restaurantes)
- UN CAFÉ CON LINGUA, POR FAVOR (cafetarías)
- COIDAMOS DE TI, TONIFICAMOS A LINGUA (salóns de beleza, centros de estética)
- COOLINGUA (tendas de moda, boutiques)
- AÍNDÁ ANDAS SEN GALEGO? (zapatarías)
- PEIXE FRESCO, LINGUA VIVA (peixarías)
- E TIC... EN QUE NAVEGAS? (empresas de novas tecnoloxías)
- ATRÉVETE CUN NOVO LOOK, RENÓVATE COA LINGUA (perruquerías)
- LEVAS A MELLOR FROITA NA BOCA (froitarías)
- SACA A LINGUA DAR UNHA VOLTA (pubs, discotecas...)
- A GORXA MÁIS SUAVE NA LINGUA MÁIS DOCE (farmacias)
- etc.

A partir do lema escollido, cada equipo elabora o material que estime máis oportuno (mesmo pode ser a través dun concurso de deseño a celebrar no propio centro), pero sempre vinculando lingua e empresa. Elíxese o modelo gañador, editase e repártese nos negocios da zona para que figure nun lugar visible como símbolo da campaña.

Acción III: Traballar e reflexionar sobre a situación da lingua na empresa

Propoñédelle ao alumnado visitar os negocios e empresas locais para que realicen unha pequena análise sociolingüística que provoque ademais reflexión sobre o tema. Podedes

empregar como modelo as enquisas (Rianxo: <http://ir.gi/d908c3>; Xinzo: <http://ir.gi/89ca76>) que se poñen á vosa disposición

Acción IV: Homenaxe a un empresario/a local

Se existe na contorna do centro algún empresario/a comprometido coa lingua, que sexa coñecido ou que descubriades trala análise anterior, outorgádelle un recoñecemento. Podedes facerlle un acto no centro ou simplemente elaborar un pequeno premio/diploma (modelo: <http://ir.gi/c79bd5>) e co gallo do Día das letras entregádello. Difundide a homenaxe na prensa local e promocionade, na medida das posibilidades, o seu establecemento.

Acción V: Traducir material das empresas e dos negocios

Visitar os negocios e empresas locais e ofrecerse para traducirles puntualmente algúns materiais de uso público que desexen (rotulación, publicidade, cartas modelo...). Nos negocios de hostelería pódese ofertar, ademais, o deseño das cartas empregando algúns dos modelos que se facilitan. Pódese empregar a base de datos e os glosarios xa elaborados para facer outras traducións

Acción VI: Converter ao equipo nun “gabinete” de tradución

Visitar os negocios e empresas locais e ofrecer ao equipo para traducirles todos aqueles materiais de uso público que desexen.